



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 2 de abril de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

### **Lista de Asistentes**

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 2 de abril de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26/03/2018, que se aprobou por unanimidade.

## **Propuestas**

### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

#### **PRP2018/1407**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Gaspar Antonio González Somoza** en nome de "Por unha marea na Vila" solicitando que as análises da auga dos Colexios públicos non se realicen pola Empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas Espina & Delfín, S.L.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a Empresa Espina & Delfín, S.L. realiza as análises de auga de consumo humano en todo o termino municipal,, sen existir ningunha dúbida da súa profesionalidade, e seguirán realizando os controis de auga como ata o de agora por ser unha das obrigas da concesión do servizo.

#### **PRP2018/1408**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa o día 7 de abril de 2018, en horario de 10:00 a 15:00 horas, así como a colaboración municipal coa cesión dunha carpa, 4 mesas, 4 cadeiras e conexión eléctrica.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2018/1322**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Etiquetas del Noroeste, S.L.** para subministro dunha impresora de etiquetas GODEX G500, un rebobinador GODEX T10 e papel térmico por un importe total de 4.011,15 € (IVE incluído), coa finalidade de realizar a elaboración das entradas de espectáculos (Auditorio, Salón García) e control de aforo de recintos municipais, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 334.22000 (papel), por importe de 3.073,40 € (IVE incluído)
- Con cargo á partida 334.62300 (impresora e accesorio), por importe de 937,75 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1434**

Dáse conta do escrito presentado por D. Serafín Serantes Santorum, en representación de **Club Ciclista BTT Castrobikes**, solicitando a colaboración municipal con motivo da celebración da Ruta BTT Ciclista, o día 22 de abril, polo Monte Xiabre.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que non poderán contar coa colaboración da Policía Local por coincidir coa celebración da Carreira solidaria LADESOL e non poder cubrirse os dous operativos, aínda que si contará coa colaboración do Servizo Municipal de Emerxencias.

#### **PRP2018/1435**

Vista a solicitude de d. Jacob Ventoso Leiro, en calidade de responsable do **Proxecto Solidario LADESOL** que leva a cabo o CPR San Francisco con motivo da celebración da IV Carreira Solidaria Ladesol o 22 de abril de 2018, en horario de 10:00 a 14:00 horas

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



Ademais da autorización municipal deberán contar co permiso da Autoridade Portuaria e o control do tráfico na zona portuaria non aberta ao público, por parte de axentes propios, tal e como se lle indicaba no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de outubro de 2017.

#### **PRP2018/1436**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Manuel Santos Cao, SA** para o subministro de diferentes pezas de guarnición para renovación de dotación persoal, motivado polo deterioro do existente, así como a nova dotación a distintos axentes, por un importe total de 1.678,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1438**

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Fricolor Instalaciones SL** para a reparación da maquina de aerotermia, substituíndo circulador de auga e unidade interior e compresor de unidade exterior (4ª Bomba Calor) da Escola Infantil A Galiña Azul, por un importe total de 1.297,60 €, con cargo á partida 323.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1447**

A Xunta de Goberno Local, en relación coas análises realizadas a cerca do subministro de auga no CEIP Rosalía de Castro de Carril, acorda comunicar á Xefatura Territorial de Sanidade de Pontevedra, que por parte da Xefatura Territorial de Educación xa se comezaron as obras de cambio de tuberías no indicado CEIP, co fin de solucionar os problemas, no seu caso, de potabilidade da auga do citado Centro.

## **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **Xuventude**

#### **PRP2018/1073**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude para a aprobación dun orzamento para a celebración da XVII Edición de Lectoriño: Mostra de Literatura Infantil e Xuvenil, os días 20, 21, 22 e 23 de abril no Auditorio Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito orzamento por un importe total de 2.610,53 € coa seguinte desagregación:

- 302,50 € (IVE incluído), a favor de Esteban Acuña Lagos, en concepto de espectáculo “Debulendo Lendas...Galegas”, con cargo á partida 2314.22624.
- 1.000,00 € (exenta IVE) para as actividades do CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas): Unha porta á Prehistoria e O meu labirinto, con cargo á partida 2314.22624.
- 916,03 € (IVE 4% incluído) a favor de Editorial Galaxia SA polo subministro de 50 exemplares de “O Xardiñeiro dos ingleses” con cargo á partida 334.22637.
- 392,00 € (IVE exento) a favor de Asociación Curtas Film Fest, pola proxección da película The Croods con cargo á partida 2314.22624



Así mesmo acórdase aprobar a provisión de fondos por importe total de 392,00 € para pago de dereitos de proxección da película The Croods.

Lémbrese aos provedores que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2018/1346**

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro:** Aprobar o servizo complementario de comedor así como dos consumibles a empregar na limpeza durante o desenvolvemento do Campamento Urbano de Verán 2018, que se vai levar a cabo no CEIP A Escardia.

**Segundo:** Aprobar o orzamento para a realización dos campamentos urbanos de verán 2018, por un importe total de 9.235,93 € (IVE incluído) con cargo á partida 2314.22624, e que se desagrega do seguinte xeito:

- 9.147,60 € (IVE engadido) da empresa Restaurante Sala Gradín, SL en concepto de servizo de comedor (33 nenos/as x 6,60 €/menú/día x 42 días de servizo)
- 88,33 € (IVE engadido) da empresa Clece, S.A. en concepto de gastos de consumibles de limpeza do CEIP A Escardia.

Lémbrese aos provedores que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Muller e persoas maiores**

#### **PRP2018/1440**

Vista a proposta da Concellería de Persoas Maiores, acórdase aprobar os requisitos que deben reunir os asistentes así como o orzamento para a celebración da XXV Edición da Romaría das Persoas Maiores, a celebrar o día 9 de xuño no recinto de Fexdega, por un importe total estimativo de 10.629,00 €, con cargo á partida 2313.22634, que se desagrega do seguinte xeito:

- |  |            |
|--|------------|
| • Menús para 550 asistentes (pendente de adxudicar)      | 9.377,50 € |
| • ASDIMUL (Asociación para a difusión da Música Latina): | 450,00 €   |
| • Asociación Coral Rosalía de Castro                     | 340,00 €   |
| • Viajes Turísticos Silest, S.L.:                        | 165,00 €   |
| • Baños Print, S.L.:                                     | 96,50 €    |
| • Varios:  | 200,00 €   |

Acórdase así mesmo aprobar a fixación dun prezo público de 6,00 €/asistente.

Proxecto (3) N° 02/01/18

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2018/1348**

Dáse conta do Contrato a subscribir entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa **Esmerarte Industrias Creativas, S.L.** para a realización dun concerto a cargo do Grupo NOVEDADES CARMINHA o día 19 de maio, dentro da programación das Festas de Santa Rita, coas seguintes condicións:

- O Concello aboará ao Artista 9.680,00 € (IVE incluído), pola actuación,.
- O Concello farase cargo dos equipos necesarios de son e luces para o desenvolvemento do show.



- Será por conta do Concello o pago de cantos ipostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, etc que se orixinen ou devenguen como consecuencia da celebración do concerto. A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da sinatura do citado contrato, con cargo á partida 338.22699.

#### **PRP2018/1441**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sobrino G, SA** para subministro dun termoventilador oscilable para a mesa da/o conserxe da Sala de Exposicións Antón Rivas Briones, por un importe total de 30,27 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

#### **PRP2018/1417**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas reguladoras do contrato de “Subministro dun camión con equipo aspirador-impulsor con destino á limpeza da rede de saneamento” cun importe de licitación de 166.701,00 € (IVE incluído).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 62,93% (104.901,00 €) con cargo ás bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2019, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no BOP nº 2, do 3 de xaneiro de 2018, financiándose os restantes 61.800,00 € con cargo a fondos propios do Concello (partida 161.62400).

#### **PRP2018/1418**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas reguladoras do contrato de “Subministro de tres cadros de mando para alumeadado público nas Rúas Castelao, Romero Ortiz e Praza de Galicia” cun importe de licitación de 25.453,56 € (IVE incluído).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100% con cargo ás bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2019, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no BOP nº 2, do 3 de xaneiro de 2018.

#### **PRP2018/1419**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas reguladoras do contrato de subministro denominado “Adquisición dunha máquina de auga quente de control de malas herbas e limpeza a alta presión” cun importe de licitación de 29.324,35 € (IVE incluído).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100% con cargo ás bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2019, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no BOP nº 2, do 3 de xaneiro de 2018.

#### **PRP2018/1420**



Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a memoria e presuposto da Humanización da Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán, redactada polo Arquitecto Municipal Xoán Xosé Rodríguez Cuiña cun importe de licitación de 287.980,00 € (IVE engadido).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación, con cargo as bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2019, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 2, do mércores 03 de xaneiro de 2018, por importe de 151.498,66€, financiándose os restantes 136.481,34€, con cargo a fondos FEDER da Unión Europea, dentro do proxecto Vilagarcía Avanza - EDUSI (Estratexía de Desenvolvemento Urbano Sostible).

#### **PRP2018/1442**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de marzo de 2018 de aprobación de proxecto de Renovación de Barandillas no entorno de Vista Alegre 2ª Fase, cun orzamento de 93.500,00 € e solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa financiación ó 100%.
- 2.- Aprobar o Proxecto de Renovación de Barandillas no entorno de Vista Alegre 2ª Fase, redactado polo Arquitecto D. Iago Puentes, cun importe de licitación de 101.500,00 €.
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación ó 100%, con cargo ás bases de subvención para o Plan Concellos 2018/2018, dirixidos ós Concellos da Provincia, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 2, do mércores 03 de xaneiro de 2018.
- 4.- A solicitude ao Servizo Provincial de Patrimonio da Consellería de Cultura, aos efectos da correspondente autorización, foi enviada o día 12 de marzo de 2018.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.